



ROI  
CASUAL  
*Maticamente vello*

**CRÉDITOS ARTÍSTICOS** • **ROI CASAL**: VOZ, HARPA CÉLTICA, BOUZOUKI (EN 4) E ZANFONA • **SILVIA FERRE**: VOZ • **DANI RIVEIRO**: PERCUSIÓNS  
• **ALFONSO MERINO**: VIOLÍN, BOUZOUKI (EN 6) E GUITARRA ACÚSTICA • **MANU CONDE**: GUITARRA ELÉCTRICA E GUITARRA ACÚSTICA • **ALFREDO SUSAVILA**: TECLADOS • **PABLO PÉREZ**: BAIXO ELÉCTRICO E CONTRABAIXO. COLABORACIÓN • **NANDO CASAL**: TIN WHISTLE EN O TEU QUERER E A FORTUNA DE PODER AMAR • **CRÉDITOS TÉCNICOS** • GRAVADO EN CATOIRA ENTRE SETEMBRO E DECEMBRO DE 2010. GRAVACIÓNS ADICIONAIS DE VOCES NO ESTUDO DA FACULTADE DE CSS DE PONTEVEDRA • **TÉCNICO DE GRAVACIÓN**: ALFONSO MERINO • **MESTURAS E MASTERIZACIÓN**: SAVIK SOUND POR JOSÉ TRINCADO, "TRIKI" • **CONCEPTO GRÁFICO, PRODUCCIÓN, DESEÑO E MAQUETACIÓN**: CULTURA DE COMUNICACIÓN • **COMUNICACIÓN**: CULTURA DE COMUNICACIÓN • **FOTOGRAFÍA**: XOSÉ DURÁN • **REVISIÓN DE TEXTOS**: HENRIQUE MONTEAGUDO  
• **MANAGEMENT E CONTRATACIÓN**: WWW.ROICASAL.COM







# FOI · O VENTO

*Foi o vento,  
foi o vento quen trouxo ata nós aquela visión  
Tan doce,  
amencendo na cama e os teus brazos ao meu redor  
Pra ter,  
unha causa na que crer  
Pra sentir  
o teu calor na miña pel.*

*Eran ondas,  
eran as ondas do mar suspirando ao vemos andar.  
Tan cedo,  
sobre a area mollada borrando o noso pisar  
Pra así,  
non poder voltar atrás,  
nunca máis,  
sobre os meus pasos camiñar.*

*Eu, sememtei, tempo atrás  
o meu amor por ti.  
Para ver, madurar  
os froitos xunto a ti.*

*Eu, sememtei, tempo atrás  
o meu amor por ti.  
Para ver, madurar  
os froitos xunto a ti.*

*Son as follas,  
son as follas de árbores nobres caendo ao chan.  
Tecendo  
unha alfombra dourada que chega ata o meu fogar  
pra ter,  
un lugar onde te amar  
e agardar  
o meu tempo ata o final.*

*Eu, sememtei, tempo atrás  
o meu amor por ti.  
Para ver, madurar  
os froitos xunto a ti.*

*Eu, sememtei, tempo atrás  
o meu amor por ti.  
Para ver, madurar  
os froitos xunto a ti.*

*Música: Tradicional / Roi Casal  
Letra: Roi Casal*

# MAXICAMENTE · VELLO

O idioma é a chave  
coa que abrimos o mundo:  
o salouco máis feble,  
o pesar máis profundo.

O idioma é a vida,  
o coitelo da dor  
o murmuro do vento  
a palabra de amor.

O idioma é o tempo,  
é a voz dos avós  
ese breve ronsel  
que deixaremos nós.

O idioma é un herdo,  
patrimonio do pobo,  
maxicamente vello,  
eternamente novo.

O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,  
a creación común  
meirande e poderosa.  
O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,

O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén  
se perdemos a fala  
non seremos ningún.

O idioma é o amor  
o latexo, a verdade  
a fonte da que agroma  
a máis forte irmandade.

Renunciar ao idioma  
é ser mudo e morrer  
precisamos a lingua  
se queremos vencer.

Música: Roi Casal / Letra: Manuel María

NANA  
PARA  
NUNO

*Vexo en ti  
todo o que eu fun  
todo o que eu vivin  
o tempo de paz  
o tempo de amor  
veu co teu sorrir*

*Es a esperanza  
que nutre o meu porvir  
quero terte sempre  
pretiño de min  
neno meu amor*

*o teu chorar  
o teu sentir  
son o meu pesar  
somentes ti  
só, nada máis  
para poder soñar*

*todo é tan sinxelo  
véndote feliz  
quero terte sempre  
pretiño de min  
neno meu amor  
só xunto a ti.*

*Música: Roi Casal / Letra: Roi Casal*

# O · ESPELLO · DO · DIANO

*Música: Roi Casal / Letra: Roi Casal*

*Cando eu nacín, a lúa tapou a luz do día  
para que a miña alma comezase a escurecer.  
Secou a fonte da que a miña familia  
recollera toda a vida auga pra beber.  
E un paxariño despistado bateu coa xanela  
do noso faiado naquel frío atardecer.  
Hoxe vexo con certeza que a sabia natureza  
advertira do que ía suceder.*



Ai...  
quen vira un raio se sol.  
Chegando ao meu corazón.  
Poñendo un pouco de amor.

Dou por feito que o meu xenoma  
foi modificado sutilmente polas mans de **Lucifer**.  
Borrou en min todo rastro humano  
son agora o espello no que o **diaño** se pode coñecer.  
Quedou marcado pra sempre o meu camiño  
para sempre o meu destino o mal sería facer  
E dende entón os meus pensamentos son condicionados  
por unha xenreira que non podo conter

Ahí, lariroré  
teño o **demo** no corpo ese é o meu mal  
Ahí, lariroré,  
o seu veneno mana do meu falar.  
Ahí, lariroré,  
teño o **demo** no corpo ese é o meu mal  
Ahí, lariroré  
el dáme forzas pra poder continuar.

Se dis negro eu digo branco  
se dis alto eu digo baixo  
son o espírito da contradición  
Son forro do rival do teu equipo  
son a choiva nese día de celebración.  
Son a causa da túa pena  
son quen dita esa condena  
na que afogan as túas ambicións.  
Mira nena e que eu disfruto coa desgaza allea  
esa é a miña meta é a miña bendición.

Ai...  
quen vira un raio se sol.  
Chegando ao meu corazón.  
Poñendo un pouco de amor.

Fanme graza aqueles homes  
que por educados, logo dan por feita a súa salvación.  
Se esa vida e apostada cada martes  
na partida que xogamos eu e o seu señor.  
Serei bo por un día e dareilles un consello:  
desconfien do seu creador.  
Que dun tempo a esta parte anda moi desmellorado  
Converteuse xa no perdedor.

Aí, lariroré  
teño o **demo** no corpo ese é o meu mal  
Aí lariroré,  
o seu veneno mana do meu falar.  
Aí, lariroré,  
teño o **demo** no corpo ese é o meu mal  
Aí, lariroré  
el dáme forzas pra poder continuar.

Veu a este mundo a responder  
preguntas sen explicación  
Por iso nunca hai un mal  
que por ben non veña xunto a nós

Pra que exista un deus  
eu debo existir  
É o negocio máis antigo.  
E funciona así.

I lariroré.....

# UNHA CONFESIÓN

Música: Roi Casal / Letra: Roi Casal

Quizais deba comezar esta historia  
cunha confesión  
o que hoxe poño en negro sobre branco  
é unha obsesión  
decidín romper co meu pasado  
por unha convicción  
a de non teme a min mesmo traizoado  
non renunciar  
a ser quen son

Agasallárame a vida cun atallo  
que decidín tomar  
sendo novo cheguei a onde tantos  
só conseguiran soñar  
descubríñ que a importancia do destino  
non é triunfar  
senón facer un mesmo o seu camiño  
co seu andar

porqué  
dirán porqué  
e somentes un o  
pode comprender

porqué  
dirán porqué  
e somentes un o  
pode comprender

Só ti saberás dicir porqué

*Cando chegue o meu último día  
poderei contar  
se foi acerto tentar unha utopía ou foi errar  
Que hai momentos clave nunha vida  
nos que arriscar  
pois os anos que un desperdicia  
non voltan máis*

*porqué  
dirán porqué  
e somentes un o  
pode comprender*

*porqué  
dirán porqué  
e somentes un o  
pode comprender*

*Só un mesmo pode pórle prezo a ver  
os seus soños, realizados  
e o que ti sufras no saberá nunca, nunca ninguén*

*Ás veces hai que dar un paso atrás,  
pra continuar, é o máis honrado  
e sempre haberá quen che dirá porqué.*

*Porqué  
dirán porqué  
somentes un o  
pode comprender...*

*...Porqué  
dirán porqué  
somentes un o  
pode comprender*

*Só ti saberás dicir porqué*

# DESENGANOS

*Música: Tradicional / Roi Casal / Letra: Coplas populares*

*Teño un amor que me quere  
e outro que me dá diñeiro.  
Teño un amor que me quere  
e outro que me dá diñeiro  
outro que me desengana  
este si que é verdadeiro  
este si que é verdadeiro*

*Solteiriña non te cases  
aproveita a boa vida  
Solteiriña non te cases  
aproveita a boa vida  
que ben sei dunha casada  
que chora de arrependida  
que chora de arrependida*

*Non busques moza na feira  
nin menos na romaría  
Non busques moza na feira  
nin menos na romaría  
tes que atopala na casa  
coa roupa de cada día  
coa roupa de cada día*

# O · TEU · QUERER

*Música: Tradicional / Roi Casal / Letra: Coplas populares*

*Irémo-los dous cantando  
canta ti cantarei eu,  
irémo-los dous cantando  
cante quen tivera amores  
que os meus vánseme acabando.*

*Pechadiño con dúas chaves  
aí tes o meu corazón,  
pechadiño con dúas chaves  
ábreo e métete dentro  
que ti soño ben cabes*

*Unha vez caín no río  
unha vez caín no río  
outra vez caín no mar  
outra caín nos teus brazos  
non me puíden levantar*

*Se queres falar comigo  
se queres falar comigo  
olvida amoríños vellos  
que mal se mira unha cara  
a un tempo en moitos espellos*

*Irémo-los dous cantando  
canta ti cantarei eu  
irémo-los dous cantando  
cante quen tivera amores  
que os meus vánseme acabando*

*Na ialma  
se me cravou  
a raíz do querer  
do teu querer*

COA  
NOITINA

*Música: Roi Casal  
Instrumental*

# △ FORTUNA DE PODER △MAR

Música: Roi Casal / Letra: Roi Casal

É de noite,  
fica o ceo despexado.  
A herbiña fresca,  
para acomodar o meu costado.  
A inmensidade de ver  
un manto de estrelas branco  
que dende sempre,  
contempla o facer humano

Incita en min a facer unha reflexión:  
non importa o que teño nin o que son.  
Un sentimento que embarga o meu coñecer,  
será que xa queda lonxe a miña nenez.  
Será que sei que algún día xa non verei  
a túa ollada, nos meus ollos outra vez.  
Será que ao fin, comezo a comprender,  
que algún día xa non te terei


Por unha vez  
consigo ter parado o tempo,  
para comprender  
que a vida só é un momento,  
no que buscar a paz comigo mesmo,  
sen pretender nada máis  
que os teus desexos.

Unha palabra de amor para escomenzar  
cada día coa luz feble da mañán.  
Un xesto amable sen máis co que procurar  
a caricia chegada da túa man.  
Que son as cousas pequenas as que me dan  
os meirandes momentos de felicidade.  
É así, foi e sempre será  
a fortuna de poderte amar.

ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar  
ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar

ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar  
ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar

Cómo esquecer todo o que ti me levas dado  
sen esixirme nunca nada a cambio.  
Que a relación de amor con outro ser humano  
é para min o tesouro máis prezado.



*Se todos vimos do ventre dunha muller,  
todos seremos cinza algunha vez.  
Deixando a un lado os ideais nos que poidas  
crer,  
o que nos une é o feito de poder querer.  
Cando as cousas realmente se poñen mal,  
todos buscamos ombreiro no que chorar.  
É así, foi e sempre será,  
a fortuna de poder amar.*

*ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar  
ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar*

*ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar  
ouh si, meu ben  
a fortuna de poder amar*

